


INFORME SOBRE A REVISTA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E PROXECTO DE REDESEÑO



INTRODUCCIÓN

Este informe foi elaborado a partir dun baleirado completo dos 35 primeiros números da *Revista Galega de Administración Pública* [en adiante *Regap*], principal publicación periódica da Escola Galega de Administración Pública [en adiante EGAP].

A *Regap* comparte con outras catro publicacións seriadas españolas (*Autonomías*, *Revista Andaluza de Administración Pública*, *Revista Aragonesa de Administración Pública*, *Revista Vasca de Administración Pública*) o trazo común de ser o principal documento periódico elaborado polas escolas autonómicas de administración pública, caracterizado pola difusión de estudos sobre as administracións autonómicas desde tres vertentes fundamentais: normativa, procedemental e histórico-institucional. A elas éelles obrigado engadir unha manifesta vocación analítica, que en todas estas publicacións pretende dar conta dos resultados dos principais eventos organizados ou auspiciados polas escolas de administración pública.

O exame que se lle realizou á *Regap*, contido nestas páxinas, non pasou por alto ningún dos elementos cardinais que poden permitir xulgar o estado dunha publicación seriada e, por suposto, non marxinou a situación que presentan as súas revistas homólogas. Non obstante, lonxe de considerar canónicos algúns dos atributos compartidos polas restantes publicacións autonómicas, o presente informe realizouse desde a óptica do que, en termos estruturais e de contido, debería considerarse norma para todo soporte de comunicación que pretenda ofrecer unha imaxe moderna das administracións, superar concepcións estreitas do seu estudo e considerar, en consecuencia, ademais da perspectiva xurídica, outras (a económico-institucional, a político-institucional e a organizativa), cando menos, igualmente fecundas e de profundo impacto profesional e académico.

Tendo en conta as pretensións referidas, a exposición divídese en dúas partes; na primeira, infórmase sucintamente das principais características da revista (orixe, denominación e orientación, organización, periodicidade e formato, estrutura, contidos e contribuíntes, difusión e custo) e póñense en evidencia as súas lagoas máis importantes; e na segunda, faise unha síntese dos aspectos que deberían corrixiarse e, se procede, propóñense posibles solucións.

Dado que todo o balance, como o que aquí se expón, nace da pretensión de render contas dos resultados acadados e, a partir deles, tomar unha decisión sobre o mantemento, a reorientación total ou parcial ou a finalización da actividade xulgada, cómpre advertir, finalmente, que os apuntamentos realizados na segunda parte deste informe, algúns dos cales transcenden a planificación da *Regap* e repercuten noutras decisións estratéxicas da EGAP, deben, en todo caso, quedar subordinados á polí-

tica de publicacións que se adopte en cada momento e á planificación xeral das actividades do organismo autónomo, que determinarán as prioridades en todo o relativo a produtos ofertados, soportes e destinatarios.

Parte 1

EVOLUCIÓN E SITUACIÓN DA *REGAP*

1.1 Orixe, denominación e orientación

Desde o descoñecemento das intencións reais e a estratexia con que se formula a aparición deste medio –máis alá do expresado na Resolución do 19 de decembro de 1990, de creación da *Revista Galega de Administración Pública*-, o título recibido pola principal publicación seriada da EGAP, *Revista Galega de Administración Pública*, reproduce, xa sexa por acordo previo entre os responsables dos diversos organismos autonómicos, por afán homoxeneizador ou por simple mimetismo, a denominación das restantes revistas autonómicas de administración pública (véxase a táboa 2), coa excepción da publicación catalá, e denota a pretensión dos seus promotores de abordar a través dela todos os aspectos vinculados coa actividade das administracións, con especial atención a Galicia.

Publicada por primeira vez en 1992, cinco anos despois da elaboración da Lei 4/1987, de creación da EGAP (modificada a través da Lei 10/1989) e tras a regulación, durante o inicio dos noventa, do organismo autónomo que a promove, a *Regap* convértese durante os seus primeiros anos nun dos principais medios de difusión da nova política de xestión pública que lanzaría o Goberno galego no marco do proxecto de “Reforma e modernización” da Administración autonómica¹.

A elección desde un principio da lingua galega como principal vía de expresión –admitindo, non obstante, a posibilidade de publicar en español todo material non elaborado desde Galicia-, a ampliación do ámbito de estudo desde os primeiros números a todas as administracións que desenvolven a súa actividade en Galicia e, especialmente, a predilección de temas xurídicos en detrimento doutros campos de estudo, definen a liña que a revista foi mantendo ata a actualidade.

A ausencia dunha sección periódica dedicada a editorial dentro da estrutura do sumario impide explicar eficazmente a paulatina ancoraxe da *Regap* a unha área do coñecemento concreta, pero, igualmente, as razóns para o redeseño da súa presentación –retoques moderados de imaxe- en 1993 e 1999; a importancia das escasas renovacións do Comité Editorial e a dimensión outorgada a ese órgano asesor; o sentido da modesta –a xulgar pola inexistencia de mecanismos de control de calidade ou polas limitacións da súa distribución- ambición do medio; ou o significado do divorcio dos seus contidos respecto ao perfeccionamento do labor dos empregados públicos, a exploración das relacións actuais e vindeiras mantidas entre os servidores públicos e os seus usuarios ou o estudo da repercusión social da actividade das administracións.

¹ Neste sentido, resulta significativo que o único monográfico publicado ata o momento, no primeiro número, versara sobre tal proxecto.

A revisión dos contidos e a estrutura editorial da *Regap* durante os últimos 13 anos conducen á sospeita da inexistencia dun plan de publicación que abranguese cuestións básicas relativas á determinación do público obxectivo, a elección de asesores editoriais, a selección de contidos ou a fixación de criterios de comercialización e distribución, entre outros aspectos claves para comprender o sentido dado á revista.

En suma, a análise da evolución da revista pon en evidencia que a inercia, a ausencia de vontade por parte dos órganos reitores da EGAP e da propia publicación para asumir riscos e acometer accións que puidesen, en termos cualitativos, distanciar o proxecto de publicación da súa identificación cunha expresión de localismo académico, e a inexistencia –extensible a outras liñas de publicación– dunha política editorial competente e sometida periodicamente a mecanismos de avaliación resultaron ser, entre outras, as súas principais debilidades e os factores que finalmente a posicionaron ao servizo dunha determinada comunidade científica e dunha elite funcional excesivamente delimitada.

1.2 Organización

O organigrama da *Regap* mantén desde 1992 un modelo baseado na presenza dunha dirección, que recae na persoa que ostenta a máxima responsabilidade da EGAP; unha secretaria técnica, posición que actúa na práctica como dirección delegada, desde a que se supervisa a marcha da publicación; e un consello, composto por unha trintena de personalidades (altos cargos da Administración autonómica e do seu sector público, membros do poder xudicial, académicos e técnicos da Administración), unha sorte de “padroado” que definiría a liña editorial e exercería, informalmente, as funcións propias dun comité científico. En conxunto, dirección, secretaria e consello operan conxuntamente como consello de redacción.

Máis alá da significativa ausencia desta estrutura formal duns órganos máis sofisticados de control, a configuración simple do goberno da *Regap* non resultaría cuestionable sobre o papel. Non obstante, precisamente, en relación coa calidade do produto difundido, se ben é de agardar un razoable e adecuado desempeño no que atinxe á coordinación do proxecto –en todo o relativo á composición, custo e difusión da revista, así como a verificación do seu encaixe na política de publicacións da EGAP– desde a dirección e secretaria técnica, a actuación do Consello, que asume *de facto* o control de calidade dos materiais publicados e fixa as prioridades editoriais, polo seu elevado número de integrantes e a súa extracción heteroxénea, resulta máis controvertida.

1.3 Periodicidade e formato

A *Regap* mantivo, a pesar das habituais saídas demoradas de imprenta, unha periodicidade editorial constante, cuatrimestral; unha frecuencia de aparición única, sen parangón entre as restantes revistas autonómicas, que abranguen todo tipo de opcións (véxase a táboa 2): bimestral (Andalucía e País Vasco), semestral (Aragón) e anual (Cataluña). Igualmente, en comparación coas demais publicacións autonómicas, a relación do volume total de números publicados e a periodicidade remarca o desinterese que houbo entre os responsables da *Regap* na publicación de números monográficos extraordinarios.

No que se refire ao formato, a revista mantivo un mesmo deseño –segue unhas medidas (17 x 24 cm) moi estendidas entre publicacións periódicas científicas– e maquetación ao longo dos 35 números examinados, con pequenos cambios de deseño de portada, como xa se indicou, en 1993 e 1999.

Os desiguais formatos de publicación dos traballos, non obstante, confirman a inobservancia das normas que os responsables da *Regap* fixaron para a presentación de orixinais por parte dos autores, e evidencian, ao mesmo tempo, un labor de corrección de estilo ineficiente ou inexistente por parte do editor.

Así mesmo, as tipografías empregadas e as amplas marxes introducidas na maquetación –pouco convencional para unha revista científica– aumentaron inxustificadamente a extensión de cada número da revista.

Tendo en conta as innovacións tecnolóxicas que se incorporaron ao mundo editorial durante os últimos anos, un aspecto especialmente negativo relacionado co formato de edición, que limita enormemente o grao de difusión da publicación e que afecta á súa imaxe e incrementa innecesariamente o seu custo, é a inexistencia dunha versión electrónica completa (en formato *pdf*) de cada número, ou, cando menos, unha parcial dos seus sumarios, tal como ofertan as restantes revistas autonómicas. Esta inaceptable lagoa só atoparía xustificación na deficiente comunicación electrónica (vía web) que realizou ata a actualidade a propia EGAP, que impediu crear unha páxina dedicada exclusivamente á revista, con información sobre os seus números publicados, posibilidade de descarga de materiais, avances de futuros sumarios, ferramentas de asistencia aos autores (prazos, normas de publicación, chamamentos para futuras colaboracións en monográficos) e aos lectores (acceso a materiais complementarios e información sobre convocatorias da EGAP relacionadas cos contidos e contribuíntes de cada número).

1.4 Estrutura, contidos e contribuíntes

Seguindo un modelo moi estendido entre revistas similares (véxase a táboa 2), a estrutura de contidos da *Regap* abrangueu sete seccións: “Estudos”; “Lexislación”; “Xurisprudencia”; “Notas e comentarios”; “Crónica parlamentaria”; “Crónica administrativa” e “Bibliografía e recensións”. Como acontece nas demais publicacións autonómicas, aínda que esta estrutura é moi estable, pode alterarse (omítese seccións) en función do caudal e do tipo de contidos dos traballos que os autores lle fagan chegar á redacción.

Unha análise do contido dos primeiros 35 números da revista permite chegar á conclusión de que orixinalmente as diferentes seccións se orientaron do modo seguinte:

- *Estudos*: difusión íntegra de traballos de carácter científico.
- *Lexislación*: publicación íntegra de leis.
- *Xurisprudencia*: exposición de sentenzas ou comentarios sobre elas.
- *Notas e comentarios*: anuncios de investigacións en curso, comentarios sobre acontecementos de actualidade ou impresións sobre traballos publicados con anterioridade.
- *Crónica parlamentaria*: referencia á actividade do Parlamento de Galicia.
- *Crónica administrativa*: relación dos eventos (cursos, xornadas e seminarios) organizados pola EGAP.
- *Bibliografía e recensións*: anuncios de novidades e recensións de obras publicadas.

A sucesión de números publicados durante os últimos trece anos demostra que a función orixinal dalgunhas das seccións sufriu un proceso de “desnaturalización” e que o contido (temática) pretendidamente diverso que se podería esperar de tal estrutura se reduciu enormemente. O segundo está intimamente ligado ao primeiro. Vexámolo.

Para comezar, curiosamente, en relación coas seccións “Estudos” e “Notas e comentarios”, unha revisión atenta dos materiais que foron aparecendo inspira a conclusión de que a distribución nunha ou noutra sección resulta indiferente: nin a estrutura nin o tema tratado nos artigos explican a situación nunha ou noutra sección; tan só a extensión dos traballos bota algo de luz sobre o criterio empregado para decidir o lugar en que se sitúan os artigos.

Respecto á temática comprendida por ambas as seccións (véxase a táboa 3), o predominio de artigos elaborados desde unha perspectiva xurídica foi patente, e púxose de manifesto desde o inicio da publicación. Os traballos situados nestas seccións, centrados sobre estudos normativos desde unha perspectiva comparada, exposicións de leis, comentarios sobre lexislación, aspectos procedementais e xurisprudencia supoñen o 60% do publicado, algo acorde, igualmente, co peso que este campo científico ten sobre a totalidade dos materiais publicados na *Regap*, considerando, polo tanto, o resto das seccións, a excepción da “Crónica administrativa” e “Bibliografía e recensións” (véxase a táboa 3), case o 65% (falamos dun total de 222 artigos sobre 344). A presión por publicar traballos procedentes desta área chegou ao extremo de alterar, como se anunciaba, o sentido orixinal destas seccións: un total de 74 traballos, que, polo seu enfoque e temática, se deberían situar na parte dedicada a “Lexislación” ou “Xurisprudencia”, foron situados nas seccións de “Estudos” e “Notas e comentarios”.

Foi de tal magnitude a deriva xurídica da revista que cómpre preguntar pola atención da publicación a outros campos científicos.

Á vista dos datos contidos na táboa 2, pódese confirmar que houbo un tratamento doutras áreas. Porén, convén matizar, se extraemos da revista o publicado sobre reforma e modernización da Administración (traballos de corte teórico, moitos dos cales relatan experiencias foráneas) –como xa se dixo, cuestión prioritaria durante os primeiros anos-, os artigos sobre o proceso de descentralización da Administración xeral do Estado e o desenvolvemento das comunidades autónomas, algunhas colaboracións sobre parlamentarismo (algunhas delas desprazadas, sen xustificación, da súa sección natural “Crónica parlamentaria”), historia das institucións, réxime local (sobre todo, centrado en aspectos vinculados coa transferencia de competencias e temas de facenda local), quedan finalmente un total de 41 artigos (o 12% do publicado na *Regap*) que se aproximaron, non sempre con éxito e sen especial refinamento metodolóxico, ao ámbito máis práctico da xestión pública, á análise de políticas públicas, á ciencia política e ás relacións internacionais.

Como se apuntou, a tendencia a favorecer a publicación de traballos realizados desde unha perspectiva xurídica e claramente orientados a un público situado igualmente nese ámbito científico² queda patente desde o inicio da publicación, pero, con todo, aumenta desde o número 14 (cara a 1997) e intensifícase especialmente desde o número 23 (cara a 1999) ata a actualidade, abandonando a *Regap*, polo tanto, a senda que a levaría a converterse nun medio actualizado e comprometido cunha

2 A información proporcionada pola dirección da Biblioteca “Concepción Arenal” (orientada primordialmente a temas de ciencias sociais e xurídicas), da Universidade de Santiago [entrevista realizada o 7 de decembro de 2005], sobre o número de consultas que recibiu durante os últimos anos a revista resulta elocuente. Aínda que a demanda foi alta, en comparación con outras revistas da mesma temática, quen consultaron a *Regap* cursan maioritariamente estudos xurídicos, en particular, vinculados coa área de dereito administrativo.

administración moderna, como se desprendía das intencións inaugurais, e situándose nun territorio pouco receptivo á innovación, apartada do rigor metodolóxico e con escasa capacidade para facerse cun espazo de recoñecemento no panorama español das publicacións científicas máis relevantes do ámbito das ciencias sociais e administrativas.

Pola súa parte, a sección “Lexislación” tan só figurou de forma habitual no sumario da revista durante os seus dous primeiros anos, non só dedicada a publicar integramente normas (habitualmente con rango de lei), senón tamén a difundir inventarios da produción lexislativa autonómica (ata 1998)³ e, incluso, estudos sobre leis estranxeiras. Desde mediados dos noventa, como se comentou, os temas inicialmente localizados nesta sección transfírenselles ás seccións “Estudos” e “Notas e comentarios”. Un aspecto especialmente rechamante desta parte da revista, reproducido tamén na sección “Crónica parlamentaria”, é que a creación da sección parece responder á necesidade de satisfacer as aspiracións editoriais dun número moi reducido de autores; neste caso, de só un.

Na sección “Crónica parlamentaria” son detectadas dúas etapas diferenciadas, tanto pola temática tratada coma polo número dos seus contribuíntes: a primeira, entre 1992 e 1996, está dominada por un grupo reducido de autores que se limitan a realizar comentarios sobre normativa autonómica; a segunda, desde 1997, convértese practicamente na tribuna dun único autor, iso si, afanado no comentario de aspectos diversos (competencias, funcionamento, etc.) dos órganos do Parlamento galego.

As seccións “Xurisprudencia”, “Crónica administrativa” e “Bibliografía e recensións” son as únicas que manteñen case inalterable a función inicial: a primeira, con gran variedade de contribuíntes, como se anunciaba desde un primeiro momento, dedícase á exposición e apostila de sentenzas do Constitucional, do Tribunal Supremo e dos tribunais superiores autonómicos; a segunda, reservada para a recensión dos principais eventos académicos organizados pola EGAP, convértese, co paso dos anos, nun couto especialmente cultivado por investigadores adscritos á propia escola; a terceira, perde o espírito do anuncio de novidades e limitáase a incluír recensións bibliográficas, entre as que despuntan sobre outros dominios científicos⁴ as referidas a obras de temática xurídica⁵ (54,6% dun total de 120 recensións examinadas).

En suma, no que se refire aos aspectos analizados neste apartado, polo menos catro problemas lastran o despegamento da *Regap*: a perversión da estrutura de contidos con materiais erroneamente situados; o excesivo peso da temática xurídica; a influencia desmedida dunha comunidade científica que, desde o exterior e a través da presenza dalgúns dos seus membros no Consello, sen dúbida, condicionou excesivamente o contido final de cada número publicado e o acceso doutros autores a este medio; e a inexistencia de presións internas que favorecesen un maior refinamento teórico e metodolóxico e que pugnasen por afastar a publicación da perniciosa vocación localista anteriormente mencionada.

1.5 Tiraxe, distribución e custos

Os datos que proporcionou o Servizo de Estudos, Investigacións e Publicacións da EGAP sobre o orzamento da revista informan de que o custo (maquetación, impresión, retribución a colaboradores, etc.) de cada un dos números editados durante os últimos anos roldou os 7.000 euros (cantidade bruta),

3 Un claro exemplo de como a ausencia de formatos estables e criterios sólidos sobre a temática abordada pola revista suscita incongruencias nos contidos finalmente publicados.

4 A recensión de libros situados no campo da ciencia da administración (xestión pública e políticas públicas), teoría do estado, historia das institucións administrativas e ciencia política representan, respectivamente, tan só o 15%, 6%, 5,8% e 2,3% dos materiais incluídos nesta sección. No restante 16,3% atópanse obras de linguaxe administrativa, ética e formación de empregados públicos.

5 En especial, relativas ao dereito administrativo, á filosofía do dereito e ao dereito autonómico.

o que eleva a unha cifra próxima aos 21.000 euros (brutos) o orzamento anual, sen contabilizar outro tipo de gastos derivados, relacionados coa distribución e a promoción.

A difusión de cada número articulouse en función dunha tiraxe de 500 exemplares e unha distribución orientada a:

- Obsequio e envío de cortesía por parte da dirección da EGAP: aproximadamente, 300 exemplares (60% da tiraxe).
- Empresas distribuidoras (*Galaxia* e *E.Torre*): 120 exemplares (24% da tiraxe), cuxa difusión se subdividiu en 71 exemplares para subscritores (14,2% da tiraxe total) e, aproximadamente, 49 exemplares (9,8% da tiraxe total) enviados “a demanda” a librerías. A estrutura de subscrición axústase, a grandes trazos, ao seguinte patrón: particulares, 40%; concellos e deputacións provinciais, 12%; librerías, 11%; bibliotecas, fundacións e colexios profesionais, 11%; parlamentos e administracións autonómicas, 11%; despachos de avogados, 10%; e Administración e sector público autonómico de Galicia, 5%.
- Envío de exemplares a autores e exhibición en expositores (situados en dependencias da Administración autonómica e diversos centros das tres universidades galegas): aproximadamente, 43 exemplares (8,6% da tiraxe).
- Intercambio: 37 exemplares (7,4% da tiraxe). Envío realizado desde a escola, principalmente ás bibliotecas universitarias, ás delegacións territoriais da Consellería de Presidencia, ao Parlamento de Galicia, ás deputacións provinciais, ás revistas da área e aos institutos autonómicos de administración pública.

Respecto ao impacto científico, a *Regap* non acadou, ao longo da súa traxectoria, a consolidación máis alá do ámbito galego. Incluso nel, o seu “peso científico” foi practicamente nulo⁶.

De formularse un futuro relanzamento da publicación e con afán de acadar un maior impacto na comunidade científica e no ámbito profesional, sen deixar de respectar os compromisos, que, a través de convenios e acordos de intercambio, a EGAP mantén con outros centros formativos, resulta oportuna unha revisión do orzamento tratando de buscar un equilibrio entre a calidade de impresión e formato; o grao de difusión e distribución; a mellora da imaxe; a captación de contribucións de alta calidade e o empeño dos responsables. En definitiva, formato, impacto, reputación, calidade científica e compromiso directivo son as bases da busca dunha nova fórmula orzamentaria.

1.6 Conclusións

Todos os aspectos examinados amosan importantes deficiencias (véxase a táboa 1), que esixen unha radical intervención se se desexa, cando menos, que o investimento que a Administración realiza neste medio teña sentido. Pero, ademais, dada a importancia que a *Regap* ten na construción da imaxe que suscita a entidade que a auspicia, tanto na comunidade galega coma no exterior, a principal publicación seriada da EGAP debe someterse a un proceso de planificación no marco dunha reformulación máis xeral da política de publicacións, que debe obrigar a dotar o medio dunha nova orientación, determinar o seu público obxectivo, reconsiderar os formatos de edición e, entre outros aspectos comentados, reestruturar o organigrama directivo.

⁶ Na relación de revistas examinadas pola Universidade de Santiago de Compostela, para os efectos de valorar a produción científica dos seus membros, a *Regap* recibe unha puntuación mínima –ao carecer, entre outros aspectos, de mecanismos de supervisión científica dos materiais publicados–, como publicación tipo C.

Táboa 1: **Resumo das principais anomalías detectadas na REGAP**

- *Orientación*: O contido da publicación desatende ámbitos científicos relacionados co estudo moderno das administracións; o título non responde ao espírito universalista que o inspira.
- *Idioma*: A política lingüística adoptada –principalmente, o uso do galego; excepcionalmente, do español e nulo do inglés- limita o seu ámbito de difusión fóra da Comunidade autónoma e condiciona, en boa medida, o seu impacto en comunidades científicas foráneas.
- *Planificación*: Inexistencia dun plan de publicación (determinación do público obxectivo, elección de asesores editoriais, selección de contidos, fixación de criterios de comercialización e distribución).
- *Calidade*: Inexistencia de mecanismos de control de calidade.
- *Organigrama*: Excesivo volume do Consello Editorial e inexistencia do Comité Científico.
- *Formato (I)*: Inobservancia das normas para a presentación de orixinais por parte dos autores e corrección de estilo ineficiente.
- *Formato (II)*: Inexistencia de versión electrónica. Maquetación pouco atractiva.
- *Contido*: Estrutura de contidos excesivamente ríxida e incoherente, distribución de contidos contradictoria, peso excesivo da perspectiva xurídica (condicionamento extremo do sumario por estudos normativos e procedementais) e escaso refinamento metodolóxico.
- *Custos e difusión*: Custos de edición elevados en relación cun escaso impacto científico e unha proxección exterior moi limitada. Estrutura de distribución incoherente.

Táboa 2: Características das principais publicacións periódicas das escolas autonómicas de Administración pública⁷

Comunidade autónoma	Organismo	Revista	Ano inicio	Último nº publicado	Organigrama editorial	Estructura de contidos	Periodicidade	Idiomas	Disponibilidade de versión en liña	Publicación de números monográficos
Andalucía	Instituto Andaluz de Administración Pública	<i>Revista Andaluza de Administración Pública</i> ⁸	1990	58		Estudios Xurisprudencia Crónica parlamentaria Documentos / Referencia lexislativa Noticias da Admón. autonómica Noticias de revistas autonómicas Bibliografía (recensións)	Bimestral	Castelán	En versión .pdf desde 1990	¿?
Aragón	Instituto Aragonés de Administración Pública	<i>Revista Aragonesa de Administración Pública</i>	1992	25		Estudios Debates Xurisprudencia / Dereito comparado Crónicas Bibliografía	Semestral (desde 1996)	Castelán	En versión .pdf desde 1992	desde 1992 con periodicidade variable (7 núm. publicados)
País Vasco	Instituto Vasco de Administración Pública	<i>Revista Vasca de Administración Pública (RVAP)</i>	1981	71		Estudios Notas / informes Traducións Xurisprudencia Crónica Bibliografía	Bimestral	Publicación en lingua orixinal (éuscaro, francés, español, inglés)	Disponibles só índices desde 2000	Non desde 2000
Cataluña ⁹	Escola d'Administració Pública de Catalunya	<i>Autonomies: Revista Catalana de Dret Públic</i>	1985	30		Estudios Comentarios e notas Recensións Actividade normativa, xurisprudencial e consultiva Crónica Recensións e noticias de revistas	Annual (legás aparición de monográfico)	Edición en catalán e castelán	Disponibles só índices desde 1985	Desde 1986 con periodicidade variable (16 núm. publicados)
Galicia	Escola Galega de Administración Pública	<i>Revista Galega de Administración Pública</i>	1992	35	Dirección Secretaría Técnica Consello Editorial	Estudios Lexislación / xurisprudencia Notas e comentarios Crónica parlamentaria / administrativa Bibliografía e recensións	Cuadrimestral	Galego	Non	Só o nº ¹⁰

⁷ Os datos contidos na táboa extraéense da información subministrada polas páxinas web das escolas autonómicas de Administración. Ao non dispor dun medio de difusión de referencia como os examinados, non figuran na táboa publicacións dos institutos autonómicos de Asturias, Canarias, Castela-A Mancha, Extremadura, Murcia e Navarra.

⁸ A revista elaborábase en colaboración coa Universidade de Sevilla.

⁹ A Escola d'Administració Pública de Catalunya publica dúas revistas: *Autonomies* e *Revista de Llengua i Dret*. Pola súa afinidade ao ámbito da xestión pública e aos estudos de ciencia da administración, optouse por examinar só a primeira, elaborada en colaboración con outro organismo autónomo catalán, o Institut d'Estudis Autonòmics.

¹⁰ Centrado na reforma e na modernización da Administración.

Táboa 3: *Regap*. Frecuencia de temas por número publicado¹¹

TEMA	NÚMEROS PUBLICADOS																																			TOTAL				
	0-1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35					
Normativa: estudo comparado e desenvolvemento	5		3	4	1	4	2	4	3	4	2	4	1	3	2	3	5	3	1	5	3	1	5	4	1	5	4	5	4	3	11	5	5	4	4	5	5	1	124	
Normativa: estudos procedementais e xurisprudencia	2	2	1	3	5	4	1	4	2	1	2	1	1	2	3	2	3	2	4	2	3	3	4	4	1	1	5												91	
Reforma e modernización administrativa	6	2	1		2		2		2	3				1		1					1																		20	
Estado autonómico		1	2			3	4	1	2	1	1	4							1																				20	
Actividades e réxime parlamentario	1										1	1	1	1	1	1	1	1	1	1				1	1	1													19	
Xestión pública (técnicas) ¹²	2		3	1		2		2		2	1										2																		16	
Historia das institucións	2		1		1		2		2		1	2	1	1	1	1			2	1																			14	
Goberno e réxime local	1	1	1	2	1		1		1	1	2																												13	
Políticas públicas (deseño-avaliación)	1									2	1					1																							8	
Normativa: exposición e inventario	1	1	1																	1	1																		7	
Facenda Pública				1								2	1																											7
Teoría da ciencia da Administración					1	1		1		1		1					1																							5
Outros ¹³			1		1			1		1	2	1				1																								12
Total																																								344

¹¹ Non inclúe as seccións “Crónica Administrativa” e “Bibliografía e Recensións”.

¹² Oito dos traballos imputados a esta categoría relaciónanse exclusivamente coa área de xestión de recursos humanos.

¹³ Traballos sobre a teoría do Estado (3); relacións internacionais coa Unión Europea (3); poder xudicial (2); elites da Administración (2); análise electoral (1); acción formativa da EGAP (1)

Parte 2

RECOMENDACIÓN E PROXECTO ALTERNATIVO

As ideas para un proxecto de reforma da *Regap*, que a continuación se apuntan, parten da necesidade de lograr unha maior proxección da revista en dúas direccións:

- Ampliar o público obxecto da publicación aos profesionais das administracións públicas a través da transmisión non só de contidos de ton xurídico directamente vinculados co seu desempeño [receptores], senón de novos enfoques de xestión, de experiencias exitosas (“boas prácticas”) relacionadas co emprego de técnicas innovadoras e de debates sobre os problemas derivados da acción das organizacións públicas.
- Acadar novos dominios académicos relacionados coa actividade das administracións: ciencia da administración; ciencia política; economía; relacións laborais e socioloxía, fundamentalmente.

Sen renunciar ao tratamento de todos aqueles temas que teñan unha dimensión especial no contorno social e institucional no que se sitúa a EGAP, composto primordialmente por todas as administracións e entidades do sector público que desenvolven a súa actividade en Galicia, a busca dunha maior proxección e recoñecemento implica a promoción da publicación máis alá dos límites da Comunidade autónoma de Galicia e, polo tanto, a aceptación daquelas contribucións, que, pola súa calidade e recoñecido prestixio, tanto desde a perspectiva da autoría de traballos, coma desde a asistencia aos labores de control de calidade e difusión, axuden a impulsar a renovación da imaxe deste medio e a súa reputación entre as comunidades académicas aíns.

Con esta pretensión, as medidas que a continuación se suxiren, ademais de comportar cambios principalmente relacionados co organigrama editorial da publicación, a política lingüística adoptada ata o de agora, a estrutura de contidos e o modelo de difusión, teñen un efecto directo na política xeral de publicacións da EGAP, que debería modificarse coa finalidade de facer operativos algúns dos cambios que nestas liñas se suxiren.

2.1 Denominación e orientación

- a) A temática comprendida pola revista, así como os enfoques desde os que se abordan as distintas cuestións, deben ampliarse. A continuación suxírese unha lista de liñas de estudo [por orde alfabética de áreas] que, sen pretender que se transforme nunha estrutura de contidos fixa, debería orientar a aceptación de materiais relativos a calquera nivel administrativo (central; autónomo e local), á condición estatutaria (Administración xeral; sector público: organismos autó-

nomos; entes e empresas públicas; e institucións) ou ao sector (educación; sanidade, etc.), desde unha vertente teórica (descrición de enfoques; achegas metodolóxicas) e práctica (desenvolvemento de técnicas; descrición de resultados de experiencias; observatorio ou “banco de boas prácticas”; debate, etc.):

Área	Liñas de estudo
<i>Administración e sociedade</i>	Administración e empresa; diversidade e minorías; xénero; información e medios de comunicación; movementos sociais; organizacións non gobernamentais; e participación cidadá.
<i>Ciencias da administración e organización</i>	Análise de organizacións; burocracia; cultura; devolución; deseño estrutural; poder; procesos de cambio; reforma e modernización; relacións co contorno; e toma de decisións.
<i>Dereito e administración</i>	Dereito administrativo; dereito autonómico; dereito constitucional; dereito público; e facenda pública.
<i>Economía do sector público</i>	Desenvolvemento económico e administración; economía política; elección pública; finanzas; e regulación/desregulación.
<i>Estado autonómico</i>	Descentralización; competencias; e Goberno.
<i>Xestión pública xeral</i>	Calidade; contratación; avaliación e rendición de contas (<i>accountability</i>); mercadotecnia pública; planificación estratéxica; presupostación; oferta de servizos.
<i>Goberno e administración electrónica</i>	Emprego e impacto das tecnoloxías da información e comunicación (xestión interna; relación coa cidadanía; sistemas de información).
<i>Institucións administrativas</i>	Historia das institucións administrativas; parlamentarismo; poder xudicial e Administración.
<i>Política e administración</i>	Burocracia; corrupción; elites; ética; xestión do risco; Goberno; gobernanza; reforma; responsabilidade; sistema político e Administración.
<i>Políticas públicas</i>	Deseño; estudo comparado; avaliación; aplicación; políticas sectoriais; e redes.
<i>Recursos humanos</i>	Auditoría; desenvolvemento; avaliación do desempeño; formación; liderado; planificación; relacións laborais; retribución; saúde laboral; selección.
<i>Relacións intergubernamentais</i>	Cooperación; gobernanza multinivel; relacións internacionais e Administración.

b) Coa finalidade de conseguir a proxección desexada, máis alá do ámbito da Comunidade galega, a publicación debería recibir un novo título, sen identidade territorial, que pode resumir en

dúas ou tres palabras o sentido da publicación ou aludir ao ámbito ao que se dirixe (ex.: *Xestión Pública; Servizo Público; Administración e Cidadanía; Goberno e Xestión Pública; Goberno e Administración; Revista de Xestión e Administración Pública*). Recoméndase, non obstante, fixar un subtítulo no que se exprese a identificación da publicación como principal soporte periódico da escola (ex.: *Revista da Escola Galega de Administración Pública*).

c) Respecto á política lingüística, é necesario aceptar orixinais en tres idiomas (castelán, galego e inglés) e proceder á súa publicación na versión na que sexan recibidos.

2.2 Organización

a) O organigrama actual debería modificarse profundamente. Suxírese para iso a substitución das posicións de Dirección, Secretaría Técnica e Consello por un *Consello Editorial*, composto por: un presidente (posto que recaería na persoa que ocupe a dirección da EGAP); un director (de libre designación por parte do presidente do Consello); e 6 vogais ou asesores científicos (nomeados polo presidente do Consello Editorial entre académicos).

Organigrama actual		Organigrama proposto	
<i>Dirección</i>	Director da EGAP	<i>Consello Editorial</i>	Presidencia: director da EGAP
<i>Secretaría Técnica</i>	Cargo nomeado polo director da EGAP		Dirección: cargo nomeado polo director da EGAP
<i>Consello</i>	30 membros provenientes da Administración autonómica, do Parlamento, da universidade, do sector público e do poder xudicial		6 vogalías / asesorías científicas: nomeamento entre representantes do ámbito universitario

b) A presidencia designaría o director do *Consello Editorial* e presidiría as súas reunións.

c) A dirección fixaría os contidos de cada reunión do *Consello Editorial* e desempeñaría a competencia da supervisión xeral da publicación, así como a coordinación de todas as tarefas que se lle asignen ao persoal administrativo que se contrate ou destine ao servizo da publicación.

d) As competencias do *Consello Editorial* serían as de fixar en cada momento as prioridades da revista; decidir modificacións de formato e periodicidade; establecer os seus contidos; decidir a elaboración de números monográficos; definir e supervisar a política orzamentaria; así como designar entre académicos destacados os avaliadores dos materiais recibidos na redacción. Nesta liña, recoméndase a designación de, polo menos, 10 avaliadores por área.

e) Os vogais membros do *Consello Editorial* deberían poder presentar modificacións na liña editorial, así como apuntar calquera outra proposta que afecte á calidade científica do proxecto. Así mesmo, deberían suxerir, se fose necesario, a intervención doutros expertos nas materias abordadas pola publicación. Unha posible configuración das vogalías do *Consello* podería partir da presenza, como mínimo, dun especialista en cada unha das seguintes áreas: ciencias políticas, ciencias da Administración, dereito administrativo, dereito constitucional, economía e socioloxía.

2.3 Periodicidade e formato

- a) En termos de periodicidade, súxírese unha frecuencia semestral e a publicación, a maiores, de, polo menos, un monográfico anual.
- b) Aconséllase manter as medidas (17 x 24 cm) da publicación, aínda que realizando modificacións no deseño e maquetación internos dos que resulte unha imaxe moderna e atractiva e un formato de disposición de contidos que transmita o rigor propio dunha publicación deste teor.
- c) De acordo coa política de comunicación externa que siga a EGAP, debería considerarse a incorporación á web dunha parte dos contidos da publicación –por exemplo, os sumarios- en versión *.pdf*. Igualmente, a web debería facilitar o incremento da interactividade entre os lectores e a publicación, reservando espazos con función informativa e dispositivos en liña para a comunicación externa. Por último, debería proporcionárselles aos subscritores ou organizacións coas que a EGAP estableza relacións de intercambio de publicacións acceso a unha versión íntegra, electrónica, da revista. A demanda desta versión debería permitir a medio prazo revisar a tiraxe en versión impresa.
- d) Ao incorporar a actuación de avaliadores, deberían modificarse as condicións esixidas aos autores sobre a presentación de traballos e as orientacións que desde a revista se lles ofrecen aos autores sobre o proceso de avaliación. Así mesmo, deberían introducirse novas observacións que normalicen o sistema de citas, bibliografía, introdución de cadros e gráficas e que completen, de acordo cos criterios esixidos polos procesos catalográficos internacionais, a información que se proporciona sobre o traballo realizado (palabras chave; resumo en inglés...).
- e) Ao tempo que aumenta o nivel dos contidos e as condicións de presentación, deberían reforzarse os mecanismos internos de control de formatos de presentación (corrección de estilo).

2.4 Estrutura e contidos

- a) Proponse alterar por completo a estrutura de distribución de contidos da publicación, suprimindo as súas actuais seccións, e substituíla por unha división composta de tres partes: “Estudos”, “Recensións” e “Noticias de libros”. En concreto, a sección “Estudos”, que ocupa a maior parte da publicación, non debería conter máis de 10 contribucións por número.
- b) Calquera modificación de contidos, dada a ampliación de temas que este proxecto asume, o afastamento da publicación do tratamento dun único campo científico e a nova estrutura de seccións debería estar claramente enmarcado na política xeral de publicacións que a EGAP siga. Neste sentido, a redefinición da nova política de publicacións debería permitir redistribuír os contidos que ata a actualidade se editaron, e que manifestan un claro desencaixe co novo proxecto. Unha fórmula para redistribuír estes materiais podería ser a seguinte:
 - Todo o material que habitualmente se destina á sección “Lexislación” debería reenviarse a outra publicación especializada no ámbito xurídico, que poida conter, igualmente, as noticias e comentarios contidos na sección “Xurisprudencia”.
 - As notas e artigos elaborados para a sección “Crónica Parlamentaria”, orientados a facer recensións da actividade do Parlamento de Galicia –neste sentido, a súa aparición entre as publicacións da EGAP resulta cuestionable-, deberían destinarse a unha publicación *ad hoc*, de tipo boletín electrónico. Por suposto, todo material que supere esta función analista e

aborde a cuestión da actividade parlamentaria desde outras perspectivas podería ser sometida á avaliación para a súa posible publicación na revista.

- É necesario que a revista renuncie á crónica dos eventos patrocinados pola EGAP. Estes deberían difundirse por medio dun boletín electrónico (a través da web) cun formato de boletín informativo periódico (*newsletter*) que, simultaneamente, puidese ser editado cun custo reducido e unha tiraxe moi pequena en versión impresa. Todos os materiais que puidesen exceder a función de crónica e que derivasen da organización de eventos por parte da EGAP deberían figurar nunha colección exclusiva ou destinarse á súa edición como documentos de traballo (*working papers*).
- Por último, aquelas investigacións que, pola súa extensión, superasen os límites do admisible na revista e non puidesen ser derivados a unha liña de publicación de monografías –por razóns de contido, orzamentarias ou por non acadar unha mínima extensión–, poderían ser editados pola escola a través dunha nova liña de publicacións, a modo de documentos de traballo (*working papers*).

c) Deberían diversificarse os contidos situados na sección “Recensións” e someterse a un control de calidade máis estrito.

2.5 Tiraxe, distribución e custos

- a) Tendo en conta as facilidades que os novos medios electrónicos poden proporcionar en termos de difusión, suxírese que a tiraxe da versión impresa se amplíe e se sitúe ao redor dos 800 exemplares. Con obxectivos promocionais, a tiraxe dos números do primeiro ano podería acadar un máximo de 1000 exemplares, cantidade que o consello debería corrixir en función do impacto e da demanda estimada.
- b) A estratexia de distribución debería reforzarse: a colocación directa en librarías –fundamentalmente, en España e Latinoamérica– tras a saída da imprenta debería acadar, cando menos, un 30% da tiraxe; as subscricións deberían supoñer o 40% da tiraxe; o intercambio científico (fundamentalmente, institucións académicas e centros homólogos españois e estranxeiros), o 15% da tiraxe; e a distribución de cortesía a nivel institucional, o restante 15%.
- c) Así mesmo, os responsables da publicación deberían esforzarse en mellorar as canles que permitan a inclusión da revista nas redes que impliquen un maior impacto científico.
- d) Tendo en conta a selectividade que na revista impón un número máximo de 20 traballos por ano (sección “Estudos”) e a existencia dun dispositivo de avaliación dos materiais recibidos, resultaría conveniente incrementar significativamente a retribución dos contribuíntes, tanto na modalidade de estudo coma na de recensión.
- e) Desde a perspectiva da imaxe, o relanzamento da publicación e, en especial, a saída dunha revista con nova denominación debería acompañarse das axeitadas accións promocionais, suscitando a súa recensión en publicacións de referencia, investindo maiores recursos económicos nos envíos de exemplares de cortesía ou a organización de presentacións públicas con algúns dos seus contribuíntes.



Escola galega de
administración
pública



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA